



Amigos da Terra celebra unhas xornadas sobre Zonas Libres de Transxénicos en Pontevedra

PONTEVEDRA | A asociación Amigos da Terra, en colaboración coa Fundación Biodiversidade, leva a cabo onte e hoxe unha xornada técnica adicada ás Zonas Libres de Transxénicos (ZLT) no Pazo de Cultura de Pontevedra. Segundo explicaron representantes de Amigos da Terra, a xorna-

da ten como obxectivo que "sexan máis os municipios" que se declaren como ZLT dentro da Campaña Internacional sobre Zonas Libres de Transxénicos que a asociación está a levar a cabo, e que pretende que Galicia no seu conxunto reciba esta cualificación. Para esta agrupación, os produtos

transxénicos foron autorizados en España hai unha década sen que daquela "se producira un amplo debate social" sobre "a conveniencia de introducir esta tecnoloxía" relacionada coa agricultura.

Así, dende Amigos da Terra sinalaron que "son moitos os municipios e comunidades" que "apostaron por intentar dar unha resposta" a "estes novos retos" mediante a súa declaración como ZLT.

Aspectos técnicos | Dentro da actividade, a xornada que se celebrará hoxe está destinada, principalmente, aos representantes

técnicos dos concellos, así como a asociacións culturais, sociais, veciñais, ecoloxistas, sindicatos e partidos políticos da provincia de Pontevedra, así como a todo o público en xeral que desexe informarse sobre os beneficios de crear zonas libres de produtos cos xens modificados.

Entre os asuntos que se tratarán na xornada figuran, por exemplo, o impacto dos produtos transxénicos no medio e no rural, o punto de vista do agricultor ante os produtos modificados xeneticamente, a perspectiva do consumidor, e as vantaxes de crear as ZLT. ■